

A Eurocidade Chaves-Verín, co fin de promocionarse como un destino termal, puxo en marcha un programa turístico de benestar con varias opcións de aloxamento e restauración e con modalidades de 1, 2 e 3 días de duración.

Este programa intenta aproveitar complementariades, polo que se optou por ofertar aloxamento e restauración en Verín, e tratamentos no SPA do Emperador das Termas de Chaves.

Existen opcións de programas vigor, relaxante, en forma e antiestrés, con prezos que van dende os 110 aos 180 euros para dúas persoas no que ao tratamento se refire, e con opcións de cea en diferentes restaurantes de Verín e de aloxamento en turismo rural ou hotel tamén deste lado da fronteira, con prezos variables en función das temporadas e do número de noites.

Os modos de promoción para a divulgación desta oferta turística son

- Patronato de Turismo de Ourense que nos incluírá na súa guía de actividades turísticas como destino termal.
- Sorteo de vales agasallo, coa colaboración dos establecementos que adheriron ao programa, nas feiras de BTL (Bolsa de Turismo de Lisboa), Fitur (Madrid) e Xantar.
- Divulgación en prensa especializada de toda a Península Ibérica.

Os restaurantes participantes no paquete termal son: Parador de Turismo, María Toxiña, Catro Lobos e Zapatillas, e os aloxamentos son Retiro do Conde e Parador de Turismo.

Para máis información e reservas: [eurocidadechavesverin@gmail.com](mailto:eurocidadechavesverin@gmail.com)

Con esta iniciativa, no ámbito do proxecto Eurocidade, promociónase por un lado a nosa hostalería e restauración, aproveitando oferta complementaria con que non contamos en Verín, e comenza a venderse o destino eurocidade, como destino único de saúde e benestar, cos atractivos engadido ao tratarse de dous países diferentes a disfrutar nunca única visita, duplicando o que ver e o que facer na viaxe ao sumar o patrimonio arquitectónico, de natureza e de ocio e cultura de ambos municipios.